

Regulamento 05/2026, do Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba o réxime interno do Consello de Goberno

PREÁMBULO	2
TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Competencias do Consello de Goberno	4
Artigo 3. Réxime xurídico	6
TÍTULO I. As persoas integrantes do Consello de Goberno	6
CAPÍTULO I. Dereitos e deberes	6
Artigo 4. Dereitos	6
Artigo 5. Deberes	7
CAPÍTULO II. Mandato, cesamento anticipado e suplencia das persoas integrantes do Consello de Goberno.....	7
Artigo 6. Mandato.....	7
Artigo 7. Cesamento anticipado e cobertura de vacantes.....	7
Artigo 8. Suplencia.....	7
TÍTULO II. Organización e funcionamento do Consello de Goberno.....	7
CAPÍTULO I. Órganos do Consello de Goberno	7
Artigo 9. Pleno e comisións delegadas	7
CAPÍTULO II. O Pleno do Consello de Goberno	8
Artigo 10. Natureza e competencias	8
Artigo 11. Presidencia	8
Artigo 12. Secretaría	8
Artigo 13. Convocatorias e sesións.....	9
Artigo 14. Quórum de constitución	10
Artigo 15. Asistencia	10
Artigo 16. Ordenación das deliberacións	11
Artigo 17. Votación e adopción de acordos.....	11
Artigo 18. Actas das sesións.....	12
Artigo 19. Medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral	13
CAPÍTULO III. As comisións delegadas do Consello de Goberno	13
Sección primeira. Disposicións xerais	13
Artigo 20. Comisións delegadas	13

Artigo 21. Composición das comisións delegadas.....	14
Artigo 22. Funcionamento das comisións delegadas.....	15
Sección segunda. Competencias delegadas.....	15
Artigo 23. Competencias da Comisión de Asuntos do Estudantado e Vida nos Campus.....	15
Artigo 24. Competencias da Comisión de Asuntos Económicos.....	16
Artigo 25. Competencias da Comisión de Intelixencia Artificial.....	16
Artigo 26. Competencias da Comisión de Investigación e Transferencia	17
Artigo 27. Competencias da Comisión de Organización Académica	18
Artigo 28. Competencias da Comisión de Profesorado e Planificación Docente ..	19
Artigo 29. Competencias da Comisión para a Seguridade da Información.....	20
TÍTULO III. Procedemento de elaboración de regulamentos	20
Artigo 30. Potestade regulamentaria.....	20
Artigo 31. Procedemento de aprobación de regulamentos	20
Artigo 32. Modificación e revisión de regulamentos.....	21
Artigo 33. Publicación e entrada en vigor das normas.....	22
Disposición transitoria única. Constitución das Comisións delegadas do Consello de Goberno.....	22
Disposición derogatoria única. Derogación normativa	22
Disposición final primeira. Habilitación	22
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	22

PREÁMBULO

O Consello de Goberno réxese por un regulamento de réxime interno aprobado no ano 2005. Desde esa data producíronse algúns cambios normativos, relevantes que esixen a súa modificación. A iso súmase a experiencia adquirida ao longo dos anos no funcionamento como órgano colexiado, da que tamén se deriva a necesidade de modificar algunhas das pautas de actuación consolidadas.

Entre as principais modificacións normativas que teñen impacto no novo Regulamento atópanse dúas leis estatais, aprobadas o mesmo día, e que viñeron a substituír á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Ambas leis teñen carácter básico nunha meirande parte do seu articulado e haberán de incorporarse ao presente Regulamento.

Xunto a ditas modificacións, o marco normativo universitario tamén experimentou cambios coa aprobación da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e os novos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 94/2025, do 6 de outubro, nomeadamente nas competencias do Consello de Goberno, que se inclúen neste Regulamento.

O Regulamento componse de 33 artigos, unha disposición transitoria, outra derogatoria e dúas disposicións finais.

O Título preliminar recolle o obxecto do regulamento, as competencias do Consello de goberno e o seu réxime xurídico, unha regulación determinada, principalmente polos Estatutos.

O Título I refírese as persoas integrantes do Consello de goberno. Dividido en dous capítulos, regula os dereitos e deberes e o mandato, o cesamento anticipado e suplencia dos seus membros.

O Título II regula en tres capítulos a organización e o funcionamento do Consello de goberno, en tres capítulos. O capítulo I límitase a recoller a existencia do pleno e de comisións delegadas. O pleno do Consello de goberno regúlase no capítulo II: a súa natureza e competencias, a presidencia e a secretaría, o réxime de convocatoria e sesións, o quórum de constitución, a asistencia, a ordenación das deliberacións, a votación e adopción de acordos, as actas das sesións e medidas para a conciliación da vida privado, familiar e laboral. O capítulo III regula as comisións delegadas do Consello de goberno e a composición, funcionamento e competencias das comisións estables.

Finalmente o Título III regula por vez primeira na UDC o procedemento de elaboración dos regulamentos que corresponde aprobar ao Consello de Goberno, así como a súa modificación e revisión.

Na elaboración desta norma respectáronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este regulamento ten por obxecto a regulación da organización e o funcionamento interno do Consello de Goberno, como máximo órgano de goberno da UDC, para o exercicio das competencias que lle son atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), polos Estatutos da Universidade da Coruña (a partir de agora, Estatutos) e demais normativa de aplicación.

Artigo 2. Competencias do Consello de Goberno

1. Correspóndelle ao Consello de Goberno o exercicio ordinario da potestade regulamentaria da UDC, sen prexuízo da potestade de aprobación de regulamentos atribuída a outros órganos nos Estatutos ou na normativa estatal ou autonómica.

2. Ademais, corresponden ao Consello de Goberno as seguintes competencias:

a) propoñerlle á Xunta de Galicia a creación, modificación e supresión de facultades e escolas;

b) crear, modificar e suprimir as restantes estruturas académicas previstas nos Estatutos;

c) propoñerlle á Xunta de Galicia a adscrición de centros docentes á Universidade, logo do informe do Consello Social, nos termos recollidos no artigo 30 dos Estatutos, e aprobar os convenios de adscrición;

d) promover e aprobar os plans estratéxicos da Universidade por proposta do equipo de goberno;

f) fixar as directrices fundamentais e os procedementos de aplicación de todas as políticas da Universidade;

g) propoñerlle ao Consello Social, para a súa aprobación, o Plan plurianual de financiamento;

h) aprobar e modificar os plans de estudos, acordar as directrices para a súa elaboración e supervisar o seu desenvolvemento e execución;

i) aprobar a programación docente da universidade;

j) propoñerlle ao Consello Social, para a súa aprobación, os orzamentos da universidade e dos entes dependentes, e as contas anuais da Universidade;

k) conceder ou denegar as licenzas de investigación previstas no artigo 50.4 dos Estatutos;

l) aprobar as reducións docentes previstas no artigo 60.5 dos Estatutos;

m) propoñerlle ao Consello Social os complementos retributivos adicionais do persoal docente e investigador funcionario e laboral, nos termos sinalados nos artigos 76.3 e 87.2 da LOSU, respectivamente;

n) aprobar os convenios de adscrición de centros e os convenios de colaboración, de cooperación académica e de investigación, sen prexuízo de que esta facultade lles poida ser atribuída a outros órganos estatutarios a través de mecanismos internos de distribución de competencias da Universidade;

o) aprobar as convocatorias de prazas do profesorado e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos;

p) autorizar o nomeamento de profesorado emérito;

- q) elixir as persoas que integran as comisións de reclamacións previstas nos Estatutos;
- r) aprobar e modificar as relacións de postos de traballo e remitirllas á Xunta de Galicia para a súa aprobación;
- s) outorgarlle a *venia docendi* ao profesorado dos centros adscritos;
- t) definir e aprobar os plans de captación, estabilización e promoción do profesorado;
- u) definir e impulsar, en coordinación coa Unidade de Igualdade, un plan de igualdade de xénero e poñer á disposición da comunidade universitaria protocolos para a prevención, detección e actuación ante situacións de violencia de xénero, discriminación ou acoso por razón de sexo;
- v) informar da aprobación do Plan de igualdade negociado coa representación da Universidade e a representación legal das persoas traballadoras, que conterà, cando menos, as materias recollidas no artigo 46.2 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ou norma que a substitúa;
- w) definir e impulsar, en coordinación coa Unidade de Diversidade, un plan de inclusión e non discriminación, elaborar protocolos e desenvolver medidas de prevención e resposta fronte á violencia, ao acoso laboral ou á discriminación;
- x) definir e impulsar unha estratexia de mitigación do cambio climático que inclúa plans de eficiencia enerxética e cambio a enerxías renovables, de alimentación sustentable e de proximidade, e de mobilidade;
- y) aprobar a normativa de funcionamento da Inspección de Servizos e os seus procedementos de rendición de contas anuais;
- z) aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia do estudantado na Universidade, co informe previo do Consello Social, e a normativa académica;
- aa) aprobar a normativa reguladora da contratación de servizos científicos, tecnolóxicos, artísticos, humanísticos ou docentes, tras o informe previo favorable do Consello Social;
- bb) aprobar os regulamentos de réxime interno elaborados polos órganos colexiados, agás o do Claustro, o do Consello Social e o do Consello do Estudiantado;
- cc) dirimir os conflitos que poidan xurdir entre os centros, departamentos e áreas de coñecemento, impulsar a súa actividade e suplila cando, tras o preceptivo requirimento, deixe de se realizar sen a correspondente xustificación;
- dd) propoñerlle ao Consello Social a creación ou participación da Universidade en fundacións públicas e outras persoas xurídico-públicas, e entidades ou empresas baseadas no coñecemento, nos termos previstos no artigo 170.2 dos Estatutos;
- ee) conceder a Medalla da Universidade da Coruña, segundo o disposto no artigo 191 dos Estatutos;

ff) promover a iniciativa de reforma dos Estatutos de acordo co establecido no artigo 193 dos mesmos;

gg) calquera outra competencia que se lle atribúa pola normativa vixente.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. O Consello de Goberno réxese polo disposto na LOSU, nas disposicións que a desenvolven, nos Estatutos e por este regulamento.

2. Os acordos do Consello de Goberno poñen fin á vía administrativa e contra eles poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición nos termos e prazos sinalados na lexislación básica de procedemento administrativo común ou un recurso contencioso-administrativo, ante o órgano e nos prazos que se dispoñan na lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. En todo o que non estea disposto neste regulamento, será de aplicación o establecido con carácter básico na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

TÍTULO I. As persoas integrantes do Consello de Goberno

CAPÍTULO I. Dereitos e deberes

Artigo 4. Dereitos

1. Son dereitos das persoas que integran o Consello de Goberno:

a) asistir ás sesións;

b) recibir, coa antelación mínima que establece este regulamento, a convocatoria e a orde do día das sesións, así como a información e documentación dos temas que figuren na orde do día;

c) solicitar á reitora ou reitor a inclusión de asuntos na orde do día, de acordo co que establece o artigo 13.3 deste regulamento;

d) participar nas sesións e debates, con voz e voto;

e) formular propostas relativas á adopción de acordos;

f) exercer o dereito ao voto e expresar o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican;

g) ter acceso ás actas e acordos;

h) calquera outro que estableza a normativa vixente.

2. O Consello de Goberno adoitará, a través da normativa académica, as medidas necesarias para garantir ás persoas que o integran o exercicio do dereito de asistencia ás sesións do Consello de Goberno sen prexudicar a súa formación, carreira docente ou investigadora.

Artigo 5. Deberes

Son deberes das persoas que integran o Consello de Goberno:

- a) asistir ás sesións;
- b) adecuar a súa conduta ao que dispón este regulamento, respectando a cortesía universitaria;
- c) empregar a información e a documentación ás que accedan pola súa condición de integrantes do Consello de Goberno para os fins de goberno e representación que lles correspondan e evitar o seu uso para intereses alleos aos da Universidade;
- d) informar periodicamente, ou sempre que lles sexa requirido, aos colectivos ou órganos que representen no Consello de Goberno;
- e) calquera outro que estableza a normativa vixente.

CAPÍTULO II. Mandato, cesamento anticipado e suplencia das persoas integrantes do Consello de Goberno

Artigo 6. Mandato

O mandato das persoas representantes elixidas entre integrantes doutros órganos colexiados virá determinado pola duración do mandato neses órganos.

A duración do mandato das persoas designadas pola reitora ou reitor rematará, en todo caso, co seu cesamento.

Artigo 7. Cesamento anticipado e cobertura de vacantes

As persoas representantes poden finalizar anticipadamente o seu mandato pola súa renuncia expresa ou pola perda da condición pola que foron elixidas. Nese caso, as vacantes cubriranse conforme ao disposto no artigo 23 do Regulamento Electoral Xeral.

Artigo 8. Suplencia

A presidencia e a secretaría do Consello de Goberno poderán ser substituídas en caso de vacante, ausencia, enfermidade das persoas que as ocupan ou, en xeral, cando concorra causa xustificada, de conformidade cos criterios de substitución que se establezan na resolución reitoral pola que se estableza o réxime de suplencias dos órganos superiores de goberno ou, no seu defecto, pola persoa de maior categoría e antigüidade do Equipo de Goberno.

TÍTULO II. Organización e funcionamento do Consello de Goberno

CAPÍTULO I. Órganos do Consello de Goberno

Artigo 9. Pleno e comisións delegadas

O Consello de Goberno exercerá as súas funcións a través do Pleno e das comisións delegadas. O Pleno poderá delegar nestas últimas as competencias que considere

oportunas por razón da materia.

CAPÍTULO II. O Pleno do Consello de Goberno

Artigo 10. Natureza e competencias

1. O Pleno estará composto por todas as persoas que integran o Consello de Goberno. Será presidido pola reitora ou reitor, e na secretaría actuará a secretaria ou secretario xeral.
2. Corresponden ao Pleno as funcións de deliberación e de adopción de acordos respecto das materias e asuntos que competen ao Consello de Goberno.

Artigo 11. Presidencia

O Pleno será presidido pola reitora ou reitor, a quen lle corresponden as seguintes funcións:

- a) representar ao Pleno e executar os seus acordos;
- b) acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, fixar a orde do día, modificar a orde de tratamento dos asuntos, deixar asuntos sobre a mesa para seren tratados nunha seguinte sesión ou retirar puntos da orde do día;
- c) presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas;
- d) velar polo cumprimento das leis, coa asistencia da secretaria ou secretario xeral;
- e) executar e facer executar os acordos do Pleno e, no seu caso, das comisións delegadas;
- f) interpretar o presente regulamento en caso de dubida ou omisión, coa asistencia da secretaria ou secretario xeral;
- g) calquera outra función que se lle encomendar neste regulamento e nas disposicións vixentes.

Artigo 12. Secretaría

A persoa titular da Secretaría Xeral serao tamén da secretaría do Pleno, coas seguintes funcións:

- a) asistir ás sesións do Pleno con voz e voto;
- b) efectuar, por orde da persoa presidenta, a convocatoria das sesións e preparar a documentación correspondente aos asuntos da orde do día;
- c) recibir as comunicacións das persoas que integran o Pleno;
- d) redactar e custodiar as actas das sesións;
- e) expedir certificacións dos acordos do Pleno;
- f) ordenar a notificación ou publicación dos acordos do Consello, de acordo coa normativa aplicable;

- g) velar pola legalidade formal e material das actuacións do Pleno e garantir o respecto dos procedementos e as regras de constitución e adopción de acordos;
- h) calquera outra función que se lle encomendar no presente regulamento e nas disposicións vixentes.

Artigo 13. Convocatorias e sesións

1. O Pleno poderá reunirse en sesión ordinaria ou extraordinaria.
2. As sesións celebraranse por decisión da presidencia ou a solicitude dunha terceira parte das persoas que integran o Pleno. Neste último caso, a sesión deberá ter lugar no prazo máximo de dez días hábiles, agás que concorran razóns de urxencia, debidamente acreditadas, que impoñan un prazo menor.

3. As sesións ordinarias celebraranse cantas veces for necesario e, polo menos, unha vez cada dous meses. Realizaranse en días hábiles, pola mañá preferentemente e fóra dos períodos de avaliación establecidos no calendario académico oficial da UDC.

A convocatoria seralle remitida ás persoas que integran o Pleno pola persoa secretaria, cunha antelación mínima de dous días hábiles, acompañada da orde do día e a documentación relativa aos distintos puntos para tratar ou, de ser o caso, a indicación do repositorio institucional no que se poderá acceder a ela. Sen prexuízo do anterior, desde a Secretaría Xeral informarase coa maior antelación posible da data prevista para a celebración da sesión.

A orde do día fixaraa a presidencia. Porén, deberá incluír os puntos da orde do día que lle solicite, cunha antelación de dous días hábiles á remisión da orde do día, unha cuarta parte das persoas que integran o Pleno, ou todas as persoas que integren un dos sectores representados no Pleno malia non acadar a referida porcentaxe.

4. As sesións extraordinarias convocaranse cando, por razóns de urxencia, non poda remitirse a convocatoria coa antelación requirida no parágrafo anterior ou teñan que celebrarse nos períodos de avaliación.

A convocatoria rexerese polo disposto para as sesións ordinarias, agás a antelación mínima con que debe ser remitida, que será dun día hábil.

A orde do día fixaraa a presidencia e recollerá exclusivamente os puntos relativos aos acordos que requiran tratamento de urxencia.

5. As deliberacións e as votacións dos asuntos realizaranse seguindo a orde do día. Porén, a presidencia, de xeito motivado, poderá modificar a orde de tratamento, deixar asuntos sobre a mesa para seren tratados nunha seguinte sesión ou retirar puntos da orde do día.

6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estivesen presentes todas as persoas que integran o Pleno e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto da maioría.

7. As sesións poderán realizarse de modo presencial, a distancia ou híbrida. No caso

de ser a distancia ou híbrida, utilizaranse as ferramentas de videoconferencia da UDC e na convocatoria sinalarase o sistema de conexión para participar na sesión.

8. No suposto de que unha sesión teña unha duración excesiva, a presidencia poderá interrompela e fixar a data e hora da súa continuación. Nese caso, a sesión reanudarase no día e hora fixados na propia sesión pola presidencia, sen necesidade de remitir novamente a convocatoria, a orde do día ou a documentación.

9. As convocatorias do Consello de Goberno e a orde do día serán públicas. A documentación relativa aos distintos puntos da orde do día poderase compartir con persoas da comunidade universitaria cando, por razón da condición de representante dun sector ou colectivo, o membro do Consello de Goberno considere necesario facer partícipe dun asunto a dito sector ou colectivo. Excepcionalmente, e cando a natureza do asunto o requira, a presidencia do órgano poderá dispoñer o carácter reservado da documentación aos efectos de que non poda trasladarse a persoas que non formen parte do Pleno.

Artigo 14. Quórum de constitución

1. Para a válida constitución do Pleno para os efectos de realizar sesións, facer deliberacións e adoptar acordos, requirirase a presenza das persoas que exercen a presidencia e a secretaría, ou quen as substitúa, e da metade, polo menos, das persoas que integran o órgano.

2. De non se alcanzar o dito quórum, o órgano poderá constituírse en segunda convocatoria, quince minutos despois, coa presenza da presidencia e da persoa secretaria, ou quen as substitúa, e as persoas asistentes. Para estes efectos, na convocatoria das sesións deberá facerse referencia expresa á existencia de segunda convocatoria e á hora de constitución.

Artigo 15. Asistencia

1. A asistencia ás sesións é un dereito e un deber para as persoas que integran o órgano. De non poder asistir, deberá comunicarse por correo electrónico a ausencia, coa razón que corresponda, á persoa secretaria con anterioridade ao inicio da sesión.

2. A condición de persoa integrante dun órgano colexiado é persoal e non se pode delegar, agás que unha norma o estableza expresamente.

3. Poderán ser invitadas ás sesións persoas alleas ao órgano, con voz e sen voto, cando a súa presenza se relacione con algún punto da orde do día. A invitación será cursada pola presidencia, por decisión propia ou a petición dunha cuarta parte das persoas que integran o órgano.

4. Así mesmo, a presidencia poderá autorizar a asistencia, sen voz e sen voto, a persoas da comunidade universitaria, logo da solicitude motivada realizada con antelación suficiente, agás que concorran razóns de interese público, de protección de datos de carácter persoal ou outras debidamente motivadas.

Artigo 16. Ordenación das deliberacións

1. A presidencia dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates, garantindo o cumprimento destas normas e a cortesía académica.
2. A presidencia poderá fixar un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinar a duración de cada intervención.
3. As persoas que integran o órgano teñen dereito ao uso de palabra en relación con calquera dos puntos incluídos na orde do día.
4. Ningunha persoa poderá ser interrompida cando fale, agás pola presidencia para advertirlle que manteña a orde ou que se cinga ao tema.
5. As intervencións por alusións só se autorizarán para que a persoa á que se referiren poida contestar ás manifestacións que afecten á súa persoa ou a feitos que se pronunciasen durante a discusión. A presidencia determinará se procede a intervención por alusións e establecerá o tempo para responder. A intervención debe cingirse a responder a alusión.
6. En calquera momento das deliberacións, calquera persoa integrante do Pleno poderá advertir de cuestións de orde e pedir a observancia das normas legais ou regulamentarias, citando os artigos aplicables. Tras oír as posturas ao respecto, decidirá a presidencia.
7. Unha vez que remate o tempo concedido para intervir, a presidencia poderá retirar o uso da palabra, logo de convidar dúas veces á persoa que interveña a concluír.
8. A presidencia chamará á orde ás persoas que integran o Pleno cando incumpran o regulamento, profiran expresións vexatorias, ofensivas ou contrarias á cortesía académica ou alteren a orde do debate mediante interrupcións ou outros comportamentos.
9. Se unha persoa é chamada á orde tres veces na mesma sesión, a presidencia poderá prohibirlle asistir ao resto da sesión. Se se negase a abandonar, a presidencia poderá suspender a sesión e retomala sen a súa presenza.
10. Cando unha intervención se aparte notoriamente do asunto que figure na orde do día ou sexa reiterativo respecto de asuntos xa aprobados, a presidencia advertirá á persoa que teña uso da palabra para que se cinga á cuestión. Se persiste, poderá retirarlle o uso da palabra.

Artigo 17. Votación e adopción de acordos

1. As votacións poderán realizarse por asentimento, a man alzada, por chamamento ou de maneira secreta. A presidencia decidirá a utilización dunha ou outra modalidade, agás que unha norma dispoña o modo de votación.

Os acordos consideraranse adoptados por asentimento cando as propostas non susciten oposición e ningunha persoa que integra o órgano requira outra forma de votación.

A votación secreta poderá usarse cando o estime a presidencia, cando o acordo que se adopte teña carácter persoal ou cando o solicite, polo menos, unha décima parte das persoas que integran o órgano.

2. Agás que unha norma dispoña o contrario para asuntos concretos, os acordos adoptaranse por maioría de votos afirmativos contra os negativos, sen ter en conta as abstencións. En caso de empate nunha votación, a presidencia decidirá co seu voto de calidade.

3. Iniciada unha votación, non se poderá interromper.

4. Non se admitirá voto por delegación ou anticipado, agás que unha norma expresamente o contemple.

5. As decisións do Pleno en materias da súa competencia adoptarán a forma de acordos e porán fin a vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición nos termos e prazos que estableza a lexislación básica de procedemento administrativo común.

Nos demais casos, as decisións do Pleno adoptarán a forma de informes, propostas ou recomendacións para seren elevadas ao órgano competente.

Artigo 18. Actas das sesións

1. De cada sesión, a persoa secretaria redactará unha acta en que recollerá a relación de persoas asistentes e ausentes que achegan unha xustificación, a orde do día, o lugar e horario en que se levou a cabo, os puntos principais das deliberacións, de ser o caso, e os acordos adoptados.

2. As sesións poderán gravarse para os efectos de elaborar a acta. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola persoa secretaria da autenticidade e integridade de tal ficheiro, poderá formar parte da acta. Nese caso, a acta escrita so conterá os acordos, sen necesidade de facer constar nela as deliberacións. A documentación utilizada na sesión estará dispoñible na Secretaría Xeral.

3. Por solicitude de calquera persoa integrante do órgano, na acta figurará o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

4. Agás nos casos en que a gravación forme parte da acta, as persoas integrantes do órgano terán dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que entreguen no propio acto á persoa secretaria do órgano o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención. A secretaria poderá optar por transcribir o contido do documento na acta ou incluílo como anexo.

5. Cando as persoas que integran o órgano voten en contra ou se absteñan quedarán exentas da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivarse dos acordos. Para estes efectos, deberase facer constar na acta o sentido do seu voto conforme ao disposto no parágrafo 3.

6. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria posterior. Para iso, estarán á disposición das persoas que integran o órgano desde o momento da convocatoria oficial. Calquera solicitude de modificación ou inclusión na acta deberá comunicarse mediante un escrito dirixido á presidencia doce horas antes do comezo da xuntanza.

7. A persoa secretaria poderá emitir unha certificación sobre os acordos adoptados. Se esta é anterior a que se aprobe a acta correspondente, farase constar de xeito expreso tal circunstancia.

8. A persoa secretaria garantirá a adecuada publicidade dos acordos adoptados cando sexa necesaria e, en todo caso, nos supostos recollidos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 19. Medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

O Consello de Goberno fomentará unha cultura organizativa baseada na corresponsabilidade, o respecto e a sensibilidade cara ás situacións de conciliación das persoas que o integran e promoverá medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, entre elas as seguintes boas prácticas:

- a) As reunións convocaranse preferentemente entre as 9:00 e as 14:00 horas.
- b) As convocatorias realizaranse coa máxima antelación posible respecto da esixida por este regulamento, adiantando, de ser posible, por correo electrónico a data de celebración para favorecer unha axeitada planificación das tarefas.
- c) Na medida que sexa posible e en función dos medios dispoñibles, facilitarase a asistencia telemática ás reunións por necesidades de conciliación, coidados ou responsabilidades familiares, a través do procedemento que estableza a presidencia do órgano.
- d) Procurarase que a duración das reunións sexa razoable e que a orde do día priorice os asuntos que requiran deliberación efectiva.

CAPÍTULO III. As comisións delegadas do Consello de Goberno

Sección primeira. Disposicións xerais

Artigo 20. Comisións delegadas

1. O Consello de Goberno contará coas seguintes comisións delegadas de carácter estable:

- a) Comisión de Asuntos do Estudantado e Vida nos Campus
- b) Comisión de Asuntos Económicos
- c) Comisión de Intelixencia Artificial
- d) Comisión de Investigación e Transferencia
- e) Comisión de Organización Académica
- f) Comisión de Profesorado e Planificación Docente

g) Comisión para a Seguridade da Información

2. O Pleno poderá crear comisións delegadas especiais para o exercicio de funcións específicas de carácter decisorio, para realizar un traballo específico ou para investigar un asunto de interese universitario, que se extinguirán ao finalizar o seu cometido.

O Pleno determinará a composición destas comisións, procurando respectar a representación dos sectores implicados e unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 21. Composición das comisións delegadas

1. Agás que neste Regulamento se dispoña outra cousa, as comisións delegadas estarán compostas polas seguintes persoas:

- a) dúas persoas do Equipo de Goberno, designadas pola reitora ou reitor entre as que desempeñen competencias atribuídas a cada comisión ou competencias transversais, unha delas actuando como presidenta;
- b) cinco persoas do sector do profesorado elixidas por/entre as persoas do sector no Pleno, procurando a representación de todas as ramas de coñecemento;
- c) dúas persoas representantes do estudantado elixidas por/entre as persoas do sector no Pleno;
- d) unha persoa representante do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, elixida por/entre as persoas do sector no Pleno;
- e) unha persoa representante do persoal contratado para tarefas de investigación, elixida por/entre as persoas do sector no Pleno.

Poderán asistir ás sesións, con voz e sen voto, persoas das vicerreitorías con competencias nos asuntos a tratar, ou das unidades ou servizos dependentes delas.

A presidencia da comisión designará a unha secretaria ou secretario, quen, de non ser membro do Pleno, actuará sen voz e sen voto.

2. A Comisión para a Seguridade da Información estará composta polas seguintes persoas:

- a) a reitora ou reitor, que exercerá a presidencia;
- b) unha persoa do Equipo de Goberno, designada pola reitora ou reitor entre as que desempeñen competencias atribuídas a dita comisión ou competencias transversais;
- c) unha persoa integrante do Consello de Goberno elixida por/entre os seus membros.

Asistirán ás reunións da Comisión, con voz e sen voto, a persoa delegada de protección de datos e a persoa responsable de seguridade da información.

A presidencia da comisión designará a unha secretaria ou secretario, quen, de non ser membro do Pleno, actuará sen voz e sen voto.

Artigo 22. Funcionamento das comisións delegadas

1. As comisións delegadas funcionarán de acordo coas normas establecidas neste regulamento para o Pleno, coas especialidades sinaladas nos parágrafos seguintes.
2. As sesións poderán celebrarse coa presenza da presidencia, a secretaría e os membros asistentes.
3. As actas, unha vez aprobadas, serán remitidas pola persoa secretaria da comisión á Secretaría Xeral para a súa publicación.
4. Rematada unha sesión, a persoa secretaria da comisión remitirá á Secretaría Xeral os acordos adoptados e a acreditación da súa publicación ou notificación, segundo corresponda.
5. Dos acordos das comisións delegadas informarase ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.
6. Os acordos das comisións delegadas indicarán expresamente que foron adoptados por delegación e consideraranse adoptados polo Pleno. Contra eles, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, cuxa resolución lle corresponderá ao Pleno do Consello de Goberno.

Sección segunda. Competencias delegadas

Artigo 23. Competencias da Comisión de Asuntos do Estudantado e Vida nos Campus

A Comisión de Asuntos do Estudantado e Vida nos Campus exercerá as seguintes competencias:

- a) aprobar a asignación de prazas e os prezos públicos das residencias universitarias;
- b) aprobar ou ratificar convenios de colaboración no ámbito da súa competencia;
- c) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, sobre os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;
- d) emitir informe sobre a política de bolsas e axudas ao estudantado e propoñer liñas de actuación, cando así se lle solicite;
- e) emitir informe sobre as propostas de convocatorias e a súa resolución, cando así se lle solicite;
- f) emitir informe sobre actividades dirixidas a desenvolver iniciativas de empregabilidade, cando así se lle solicite;
- g) propoñer iniciativas para a defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega desde a institución universitaria;
- h) propoñer a organización de actividades de extensión universitaria;
- i) propoñer iniciativas relacionadas coa divulgación científica e cultural, a cultura e o deporte;

- j) tomar coñecemento das táboas de ponderación das probas de acceso á universidade;
- k) tomar coñecemento das normas e os prazos elaborados pola CIUG para preinscrición e matrícula en titulacións con límite de prazos nas universidades públicas do SUG;
- l) tomar coñecemento do estado de execución dos plans estratéxicos referidos á divulgación e á comunicación;
- m) tomar coñecemento do estado de execución do plan de igualdade da UDC nas políticas que lle corresponda impulsar, avaliar o seu grao de implementación e adoitar as medidas oportunas para o cumprimento dos seus obxectivos;
- n) calquera outra competencia que lle recoñeza a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 24. Competencias da Comisión de Asuntos Económicos

A Comisión de Asuntos Económicos exercerá as seguintes competencias:

- a) aprobar as modificacións de crédito que sexan competencia do Consello de Goberno;
- b) aprobar os criterios de reparto dos créditos descentralizados;
- c) aprobar ou ratificar convenios de colaboración no ámbito da súa competencia;
- d) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, sobre os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;
- d) participar no control interno da Universidade en materia orzamentaria e de investimentos, nos termos que estableza a normativa aplicable;
- e) emitir informe, con carácter previo á súa presentación no Pleno, sobre o plan estratéxico da Universidade;
- f) emitir informe, con carácter previo á súa presentación no Pleno, sobre a proposta do Plan plurianual de financiamento que debe aprobar o Consello Social;
- g) emitir informe, con carácter previo á súa presentación ao Pleno, sobre os procedementos de rendición de contas anuais;
- h) tomar coñecemento do estado de execución do plan de igualdade da UDC, avaliar o seu grao de implementación e adoitar as medidas oportunas para o cumprimento dos seus obxectivos;
- i) calquera outra competencia que lle recoñeza a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 25. Competencias da Comisión de Intelixencia Artificial

A Comisión de Intelixencia Artificial exercerá as seguintes competencias:

- a) velar polo uso responsable da IA, baixo supervisión humana, transparente, non discriminatoria, accesible, sustentable e acorde cos principios e valores da UDC establecidos nos seus Estatutos;
- b) promover a realización de plans de formación da comunidade universitaria orientados ao uso responsable da IA, impulsar a elaboración de guías e facer recomendacións dirixidas á comunidade universitaria e aos órganos e servizos da UDC encargados da contratación e xestión de ferramentas de IA;
- c) emitir informe/tomar coñecemento sobre os usos da IA na comunidade universitaria, cando así se lle solicite;
- d) aprobar ou ratificar convenios de colaboración no ámbito das súas competencias;
- e) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, sobre os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;
- f) calquera outra competencia que lle atribúa a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 26. Competencias da Comisión de Investigación e Transferencia

A Comisión de Investigación e Transferencia exercerá as seguintes competencias:

- a) aprobar o deseño dos programas de axudas á investigación (estancias, organización de congresos e similares) e o resultado da aplicación dos mesmos, incluíndo a resolución das posibles reclamacións;
- b) aprobar o deseño das convocatorias de axudas a grupos e estruturas de investigación e o resultado da aplicación das mesmas, incluíndo a resolución das posibles reclamacións;
- c) aprobar modificacións no catálogo de investigación;
- d) aprobar se proceder as solicitudes de premios ou galardóns, ou a presentación de solicitudes a programas de captación de talento;
- e) aprobar e modificar os calendarios no eido dos estudos de doutoramento;
- f) aprobar ou ratificar convenios de colaboración no ámbito das súas competencias;
- g) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, sobre os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;
- h) emitir informe sobre novos estudos de doutoramento, con carácter previo á presentación no Pleno;
- i) emitir informes de avaliación e outros informes preceptivos para o desenvolvemento dos estudos de doutoramento;
- j) emitir informe sobre a normativa vinculada a ciencia aberta e a xestión de datos de investigación, con carácter previo á presentación no Pleno, así como aprobar, se proceder, as accións derivadas da aplicación desa normativa;

- k) exercer como órgano consultivo na resolución de controversias no eido da investigación e a transferencia, a petición da vicerreitoría correspondente;
- l) emitir informe sobre as orientacións xerais en materia de investigación e transferencia;
- m) emitir informe sobre as iniciativas de creación ou modificación de EBTs, as accións vinculadas á explotación de patentes ou outras figuras de protección, incluíndo posibles controversias internas ou con terceiros, e as tarifas dos servizos ofertados desde a UDC, con carácter previo á presentación do asunto no órgano de decisión;
- n) tomar coñecemento do estado de execución do plan de igualdade da UDC nas políticas de investigación, avaliar o seu grao de implementación e adoitar as medidas oportunas para o cumprimento dos seus obxectivos;
- o) calquera outra competencia que lle recoñeza a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 27. Competencias da Comisión de Organización Académica

A Comisión de Organización Académica exercerá as seguintes competencias:

- a) aprobar os procedementos e calendarios para a tramitación das propostas de implantación e modificación dos plans de estudos das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario;
- b) adoptar os acordos que procedan sobre as modificacións non substanciais de títulos de grao e mestrado, e emitir informe sobre as modificacións de carácter substancial;
- c) aprobar e modificar os programas de simultaneidade, dobres titulacións e Programas Académicos con Percorrido Sucesivo (PARS);
- d) aprobar ou ratificar convenios de colaboración no ámbito das súas competencias, agás os convenios de prácticas, cuxa aprobación se delega na reitora ou reitor;
- e) emitir informe, con carácter previo á súa presentación no Pleno, sobre os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;
- f) emitir informe sobre as propostas de nova implantación de estudos propios;
- g) aprobar as solicitudes de prórroga de estudos propios cando teñan sido informados favorablemente sen votos discrepantes na Comisión de Estudos Propios;
- h) aprobar ou ratificar os convenios de cooperación académica que impliquen titulacións conxuntas ou dobres titulacións, así como os convenios interuniversitarios de mobilidade;
- i) emitir informe sobre o calendario académico da Universidade;
- j) emitir informe sobre os límites de prazas de novo ingreso nas titulacións oficiais;
- k) emitir informe sobre as propostas de implantación de títulos oficiais de grao e

mestrado e as súas memorias de verificación;

l) propoñer as equiparacións de materias entre diferentes plans de estudo da Universidade da Coruña e resolver as solicitudes de validación de estudos realizados noutras Universidades;

m) propoñer a concesión de premios extraordinarios de grao e mestrado universitario, así como outros recoñecementos académicos ao estudiantado;

n) emitir informe, cando se lle solicite, sobre as propostas de resolución dos recursos administrativos interpostos contra as resolucións dos decanatos ou direccións de centro dítadas en aplicación da normativa académica;

o) emitir informe sobre a participación da UDC en estruturas supranacionais de carácter académico, cando así se lle solicite;

p) tomar coñecemento do estado de execución do plan de igualdade da UDC nas políticas académicas, avaliar o seu grao de implementación e adoitar as medidas oportunas para o cumprimento dos seus obxectivos;

q) calquera outra competencia que lle recoñeza a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 28. Competencias da Comisión de Profesorado e Planificación Docente

A Comisión de Profesorado e Planificación Docente exercerá as seguintes competencias:

a) aprobar os cambios de dedicación do profesorado;

b) propoñerlle ao Consello Social os complementos retributivos adicionais do persoal docente e investigador funcionario e laboral, nos termos sinalados nos artigos 76.3 e 87.2 da LOSU, respectivamente;

c) outorgar a *venia docendi* para o profesorado dos centros adscritos;

d) aprobar ou ratificar convenios de colaboración no ámbito das súas competencias;

e) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;

f) emitir informe sobre as propostas de nomeamento de profesorado emérito e honorario e acordar as súas prórrogas;

g) emitir informe sobre as solicitudes de licenzas sabáticas;

h) emitir informe sobre as propostas para a contratación de profesorado visitante e lectores;

i) emitir informe sobre as propostas de convocatoria da prazas de profesorado;

j) emitir informe ou facer propostas sobre programas de formación do profesorado;

k) emitir informe sobre a proposta de cadro de persoal docente e investigador;

- l) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, sobre a proposta de OEP;
- m) tomar coñecemento do estado de execución do plan de igualdade da UDC respecto do profesorado, avaliar o seu grao de implementación e adoitar as medidas oportunas para o cumprimento dos seus obxectivos;
- n) calquera outra competencia que lle recoñeza a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 29. Competencias da Comisión para a Seguridade da Información

A Comisión para a Seguridade da Información do Consello de Goberno será competente para examinar asuntos relacionados coa política de seguridade da información e protección de datos persoais. En particular, corresponderalle:

- a) aprobar os plans de tratamento do risco e o risco residual;
- b) tomar coñecemento do estado de execución do plan de tratamento do risco, avaliar o seu grao de implementación e adoitar as medidas oportunas para o cumprimento dos seus obxectivos;
- c) emitir informe, con carácter previo á presentación no Pleno, sobre os proxectos normativos relacionados coa súa área de competencia, cando así se lle solicite;
- d) calquera outra competencia que lle recoñeza a normativa vixente ou lle sexa atribuída por delegación ao abeiro do artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

TÍTULO III. Procedemento de elaboración de regulamentos

Artigo 30. Potestade regulamentaria

Correspóndelle ao Consello de Goberno o exercicio ordinario da potestade regulamentaria da Universidade da Coruña, sen prexuízo da potestade de aprobación de regulamentos atribuídos a outros órganos nos Estatutos ou na normativa de universidades estatal ou autonómica.

Artigo 31. Procedemento de aprobación de regulamentos

1. Con carácter previo á presentación dunha iniciativa regulamentaria, o órgano competente poderá abrir un período de consulta pública no espazo web habilitado ao efecto, co fin de recoller a opinión da comunidade universitaria sobre os problemas que se tratan de resolver coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da futura normativa, os seus obxectivos e as posibles solucións alternativas.
2. Poden presentar unha iniciativa regulamentaria a reitor ou reitora ou as persoas do Equipo de Goberno en quen delegar e, no relativo á súa organización interna, os órganos colexiados recoñecidos nos Estatutos.

As iniciativas regulamentarias serán remitidas en formato de texto articulado e baixo

a denominación de “borrador de regulamento” á Secretaría Xeral, que impulsará o procedemento baixo os principios de transparencia e participación e conforme ao disposto nos parágrafos seguintes.

3. Os borradores de regulamento serán expostos ao público no espazo web habilitado ao efecto e abrirase un prazo para facer achegas, co obxecto de informar e favorecer a participación da comunidade universitaria na elaboración da normativa. A información pública poderá complementarse con información a un sector ou colectivo da comunidade universitaria polo carácter sectorial ou especializado da norma que se pretende aprobar.

Poderá prescindirse deste trámite cando se trate da elaboración de normas organizativas ou de carácter orzamentario, ou cando concorran razóns de urxencia ou interese público debidamente motivadas.

4. Finalizado o período de exposición ao público e integradas, de ser o caso, as achegas no borrador, o texto poderá ser remitido como “anteproxecto de regulamento” a outros órganos para que emitan o correspondente informe, entre eles, e con carácter preceptivo, as Comisións delegadas do Consello de Goberno que sexan competentes por razón da materia.

5. O texto resultante será remitido como “proxecto de regulamento” ás persoas integrantes do Consello de Goberno para poder presentar emendas coa antelación que se considere adecuada, entre dez e trinta días, en consideración á complexidade do proxecto.

O Pleno discutirá as emendas e aprobará ou rexeitará a súa inclusión no texto. A continuación, someterase a votación o texto final, que deberá ser aprobado por maioría simple de votos, agás que unha norma estableza outra maioría diferente.

6. Os trámites de información pública e o de emendas deberá omitirse cando se trate de proxectos normativos que, polo seu contido, deban ser negociados coas representacións sindicais, sen prexuízo de deliberar e acordar o que proceda a propósito de observacións ou advertencias de legalidade respecto de cuestións alleas á negociación que podan ser postas de manifesto durante a sesión do Consello de Goberno.

7. Este procedemento non será de aplicación cando a iniciativa regulamentaria se presente seguindo un “regulamento tipo” previamente aprobado polo Consello de Goberno. Nese caso, verificado pola Secretaría Xeral o adecuado seguimento do modelo, será elevado como “proxecto de regulamento” ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

Artigo 32. Modificación e revisión de regulamentos

1. A modificación dos regulamentos realizarase polo procedemento establecido no artigo anterior. Porén, poderá prescindirse da información pública cando a modificación sexa de carácter formal ou técnica.

2. Sempre que se modifique parcialmente un regulamento, deberase publicar o texto consolidado, que conservará a denominación orixinal. Na publicación deberá figurar a referencia á última modificación practicada e unha referencia ás sucesivas modificacións realizadas con referencia á data de publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

3. Non se considerará modificación regulamentaria a revisión das normas para adaptalas á linguaxe non sexista e para a súa normalización lingüística, así como a adaptación do texto ás instrucións de estilo vixentes. A Secretaría Xeral poderá facer correccións deste alcance sobre a normativa vixente, dando conta ao Pleno e facendo constar a referida revisión na publicación do texto revisado.

4. Os órganos de goberno competentes revisarán periodicamente as normas en vigor para adaptalas aos principios de boa regulación e para avaliar a medida en que cumpriron os obxectivos previstos. O informe resultante servirá de motivación para iniciar os trámites de modificación ou revisión da normativa.

Artigo 33. Publicación e entrada en vigor das normas

Os regulamentos publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial e entrarán en vigor ao día seguinte da publicación.

Disposición transitoria única. Constitución das Comisións delegadas do Consello de Goberno

As comisións delegadas deberán constituírse no prazo máximo de dous meses a partir da entrada en vigor deste regulamento. Ata entón, seguirán actuando en funcións as anteriores.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Derrógase o Regulamento interno do Consello de Goberno do 16 de marzo de 2005, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación

Habílitase á reitora ou reitor a ditar todas as resolucións necesarias para a execución, desenvolvemento e cumprimento deste regulamento, así como para a súa interpretación, de resultar necesaria, coa asistencia da secretaria ou secretario xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

O reitor

Ricardo José Cao Abad